# Castro de Picadizo



O castro atópase a 500 m. da aldea de Picadizo e está marcado no PXOM do concello de Rois co código de Patrimonio GA15074006. Está tamén á mesma distancia do asentamento catalogado da Morosa Grande ou castro do Tremiñado, que podemos ver na mesma páxina do plano de ordenación co código GA15074009 . Os habitantes da aldea refírense a el como "o castro" e está conformado por unha muralla de terra e cachote, de forma circular, duns 70 m. de diámetro, contando o ancho das defensas. Ten un outeiro no seu interior tamén de forma circular, a modo de croa e de forma concéntrica a anterior duns 26 m. O parapeto exterior está alterado polas labores agrícolas, pero adivíñase aínda todo a súa estrutura. No mapa de pendentes pódese observar a súa forma e defensas.

| INFORMACIÓN | |
|---|---|
| **TIPOLOXÍA** | Arqueoloxía |
| **CRONOLOXÍA** | Idade do Ferro |

| | |
|---|---|
| **CONCELLO** | Rois |
| **PARROQUIA** | Buxán (San Xoán) |
| **REFERENCIAS** | http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/mapes/ROIS/documents/0349PB015.jpg (código GA15074006)<br>Plano de pendentes da zona do Castro de Picadizo.<br>Na parte esquerda inferior da imaxe en pdf http://descargas.xunta.es/descargar?url=7a578390-b1ca-4554-be9f-7d5d92ff11ca1457536927028<br>Web cos castro de Rois<br>[http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm](http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm) |

| **XEOLOCALIZACIÓN** | |
|---|---|
| **COORDENADAS** | 42.7542114061 , -8.72031211853 |




# Anexo

Fotografías ou videos do elemento

* Información obtida da páxina web patrimoniogalego.net. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.